

## **ALBERTO CAÑAS, NOVO DIRECTOR DE FRANQUÍAS EROSKI**

**Elorrio, 30 de novembro do 2022.-** [EROSKI](#) nomeou a Alberto Cañas como novo director de Franquías EROSKI, tras o falecemento durante este exercicio do seu predecesor no cargo, Enrique Martínez Sanz.

Nacido en León en 1967, Alberto Cañas conta cunha sólida traxectoria profesional dentro do Grupo EROSKI, ao que se incorporou en 1997. Dende aquela leva desenvolvidas numerosas funcións dentro das áreas Social e de Rede Comercial da compañía. Dende o 2020 e ata a data actual ocupou o cargo de director de persoas de CAPRABO.

Dende a súa nova responsabilidade como director de Franquías de EROSKI, Cañas márcase como prioridades desenvolver a expansión do novo modelo comercial "contigo" nos supermercados franquizados, apostando por unha maior especialización en frescos de tempada e en alimentos de produción local e mais por unha atención máis personalizada ao cliente. *"Este cargo supón para min un gran reto profesional. Comparto os principios de EROSKI, porque somos unha cooperativa de traballadores e consumidores, con valores propios que nos fan diferentes. Apostamos de xeito decidido por achegar ao mercado un modelo de franquía diferente. O asesoramento comercial e o apoio continuado durante todo o ano é o que os nosos franquizados valoran máis e o que nos distingue do resto"*, salienta o novo director de franquías EROSKI.

### **EROSKI alcanza as 600 franquías**

EROSKI alcanzou o fito de 600 establecementos franquizados, dos cales a metade púxose en marcha nos últimos 5 anos. Durante o primeiro semestre do ano, EROSKI inaugurou 30 franquías. Esta expansión, xunto á transformación emprendida na súa rede de tendas propias, representa un forte impulso á extensión do modelo comercial 'contigo' que define a nova xeración de tendas EROSKI.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)